# ACTA ASAMBLEA XERAL ORDINARIA

**D. Manuel Mouzo Méndez**

*Presidente*

**D. Javier Méndez Alonso**

*Pte. Comité Salmónidos*

**D. Ramón Souto Perez**

*Tesoureiro*

*Subdelegado A Coruña*

*Pte. Comité Mar Rocha e Embarcación fondeada*

**D. Jose Ramón Castro Varela**

*Delegado A Coruña*

**D. Gabriel Fernández Vázquez**

*Delegado Ourense*

*Delegado Pontevedra*

**D. Juan Manuel Castro Fuentes**

*Secretario*

**ESTAMENTO DE XUÍCES**

D. Pablo de Andrés Vales

D. José Luis García Pernas

D. Jose Luis González Álvarez

D. José Antonio Pardo

**ESTAMENTO DE DEPORTISTAS**

Dña. Pilar Rey García

D. Lázaro Benítez Mouriño

D. David Barreiro

**ESTAMENTO DE CLUBS, SOCIEDADES E ASOCIACIÓNS**

D.Kiko Campelo

*Asoc. Deportiva O Escarapote*

As persoas que á marxe se nomean, convocadas en tempo e forma, reúnense o **Sábado día 27 de Novembro de 2021** vía telemática para trataren a seguinte

**ORDE DO DÍA**

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2.- Presentación e aprobación, se procede, do orzamento 2022.
3.- Presentación e aprobación, se procede, do calendario 2022.
4.- Informe sobre as relacións coa FEPYC e votación de asuntos.
5.- Presentación e aprobación, se procede, do Código de Ética Deportiva.
6.- Modificación bases competicións 2022.
7.- Nacional Spinning 2021.
8.- Rogos e preguntas.

O Presidente abre a xuntanza ás 10:00 horas do día sinalado no encabezamento.

**1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.**
Remitida a tódolos presentes por correo electrónico xunto coa convocatoria e non habendo obxeccións queda aprobada por unanimidade.

**2.- Presentación e aprobación, se procede, do orzamento 2022.**
Remitidas a tódolos presentes por correo electrónico xunto coa convocatoria, O Presidente informa sobre a posibilidade dunha pequena flexibilidade no orzamento para abonar algo máis de contía de axuda económica aos deportistas de Alta Competición respecto da actual.
Non habendo obxeccións, quedan aprobadas por unanimidade e axuntase a esta Acta coma Anexo I.

**3.- Presentación e aprobación, se procede, do calendario 2022.**
Remitido por correo electrónico xunto coa convocatoria, o Presidente presenta o calendario de competicións 2022.
Raúl Álvarez solicita a palabra para preguntar sobre a posibilidade de que a FGPeC inscriba a un nacional a deportistas que asuman os seus gastos de participación. O Presidente contesta que non hai problema algún en facelo, que de feito xa ven sendo así nas últimas tempadas, sempre que esa inscrición non vaia en contra de acordo tomado con anterioridade por órgano de goberno ou autoridade deportiva federativa, evidentemente.
Establecese un debate sobre a posibilidade de que un deportista poida participar na especialidade de Mar Costa nas categorías Absoluta e de Veteranos ao mesmo tempo e que se poida clasificar polas dúas categorías para representar a Galicia na Selección Galega. O Presidente informa que non ten amparo legal polo que non é viable que participe nas dúas categorías e so existen estas posibilidades:

D. Juan Manuel Castro Fuentes

*S.P.D. Neria*

D. Raúl Álvarez Pérez

*S.P.F. de Valderorras*

D. Iván C. Rodríguez Sánchez

*Club Marítimo de Oza O Puntal*

D. Alberto M. López Redondo

*Asoc. Dep. "Peña O Rodaballo"*

D. Oscar Olivier López Regueira

*C.P.D. Moita Escama*

D. Victor Ferreiro Fariña

*Spinning Nordés*

D.Victor Meijide Vázquez

*Grupo PSA Citröen*

D. Carlos Bermúdez Barros

*Club de Pesca O Capote*

D. Roi Juan López Muriel

*A.D.N. Ribadavia*

D. Fernando Noya Pardo

*W. la Torre*

D. Julián González López

*Sociedade Pescadores Cormorán*

1.- Eliminar a competición na categoría de Veteranos.
2.- Manter as competicións e seguir co sistema establecido actualmente.
3.- Poder competir nas dúas categorías e será a FGPeC quen decida que categoría representará trala súa clasificación.
Tras un longo debate, decídese seguir co sistema establecido actualmente e pendente de tratar para posible troco nos vindeiros anos.
Non habendo mais intervencións apróbase por unanimidade e axuntase a esta Acta coma Anexo II.

O Presidente fai un inciso na orde do día para informar que, trala redución do canon anual do 50% aprobado en asemblea segundo acta asemblea xeral ordinaria do 20 febreiro de 2020 e valedoiro só para o actual 2021, a xunta directiva decidiu incluír no canon de 200€ do vindeiro 2022 a cota da póliza de Responsabilidade Civil para tódolos clubs adscritos a FGPeC.
Non habendo obxeccións, a proposta queda aprobada por unanimidade.

**4.- Informe sobre as relacións coa FEPYC e votación de asuntos.**
O Presidente fai un breve resumen das actuais relacións entre a FGPeC e a FEPYC. Cabe destacar que non foi convocado á derradeira reunión de Presidentes Territoriais (tampouco Andalucia), na que se propuxo non deixar competir aos deportistas Galegos. Tódolos Presidentes estaban de acordo salvo Madrid e tras debate acordaron deixar competir aos deportistas Galegos mais non lles dan a organización de ningún Campionato Nacional. A FGPeC, despois de ser aprobado o calendario nacional, denunciará perante o CSD esta negativa que marxina a Galicia

O Presidente da Federació Catalana de Pesca Esportiva i Casting e actual Vicepresidente da FEPYC ofreceuse como mediador para limar asperezas entre a FGPeC e a FEPYC. O Presidente da FGPeC mostroulle a súa vontade para negociar e trasladoulle estas condicións:

a) O pago da suposta cota solidaria queda a decisión dos xulgados.
b) Non discriminación dos deportistas nin do deporte da pesca galega.
c) Non haberá humillación nin cesión vergoñenta ante pretensións inxustas.

**5.- Presentación e aprobación, se procede, do Código de Ética Deportiva.**
Remitida a tódolos presentes por correo electrónico xunto coa convocatoria e non habendo obxeccións queda aprobada por unanimidade.

**6.- Modificación bases competicións 2022.**
O Presidente informa sobre a proposta de varios deportistas de que na especialidade de Embarcación Fondeada os xurelos non puntúen en competición. Non habendo obxeccións queda aprobada por unanimidade.
José Luis García Pernas solicita un troco nas bases das competicións de Mar Costa da FGPeC para a súa adaptación a normativa vixente na FEPYC tralas derradeiras modificacións:

Artículo 5. NORMAS DE COMPORTAMIENTO.

1. Para efectuar el lance y recogida de las capturas se autorizará entrar en el agua hasta la rodilla

5. Durante la acción de traer un pez el deportista queda autorizado a entrar en el agua hasta la altura de la rodilla, y si se trata de un pez grande se autoriza la entrada en los puestos colindantes, los deportistas de estos puestos no entorpecerán la acción.

Artículo 7. CAPTURAS.

2. No se considerarán válidas:

f) la familia de las rayas/chuchos.

Tras debate acórdase aplicar as modificacións do artigo 5 da FEPYC nas vindeiras bases da FGPeC mentres que as do artigo 7 da FEPYC quedan a estudo e valoración en vindeiras asembleas.

**7.- Nacional Spinning 2021.**

O Presidente informa que tralas irregularidades acontecidas no campionato nacional de spinning 2021 disputado en Ceuta na que un deportista con licencia federativa Galega participou por vontade propia inscrito por Ceuta e con licencia federativa de Ceuta, a FGPeC solicitou á FEPeC a iniciación de expediente disciplinario contra dito deportista. Tamén que a Xunta Directiva da FGPeC, en aplicación das súas competencias propias, aprobou que o deportista implicado non volva a ser convocado para representar a Galicia en vindeiras competicións nacionais nin no Selectivo Galego da especialidade. (Acta Xunta Directiva 6/11/2021)

**8.- Rogos e Preguntas.**

Raúl Álvarez solicita a mediación da FGPeC para a creación dun escenario deportivo-social de Auga doce.
O Presidente ofrécese a facer todo o que estea na súa man para axudar a creación de dito escenario.
Julián González pregunta polas alegacións feitas sobre a Pesca nos Portos de Galicia e os trámites para poder acceder a pescar nos Portos.
O Presidente informa que a FGPeC non fixo ningunha alegación, comenta os resultados das reunións nas que participou a FGPeC con Portos de Galicia e explica os trámites a facer.
Roi Juan pregunta pola participación dun deportista galego no vindeiro Mundial Mosca Xuventude.
O Presidente informa que a día de hoxe non lle consta que á FEPYC publicase nada nese senso.
O Presidente aproveita para felicitar aos presentes Iván C. Rodríguez Sánchez polo seu ascenso a Alta Competición e a Alberto M. López Redondo pola súa medalla de Bronce no Mundial Mosca Veteranos.
Debátense outros temas de diversa índole, sen que se medie solicitude expresa de facer constar en Acta.

Esgotada a ORDE DO DÍA, o Presidente da por rematada a Asemblea as 12:17h

Eu coma secretario dou Fe.

Federación Galega de Pesca

Vº e Prace:

Asdo: Juan Manuel Castro Fuentes
Secretario

Manuel Mouzo Méndez
Presidente

Anexo I

| ORZAMENTOS 2022 | | |
|---|---|---|
| | | |
| TOTAL INGRESOS 2022 | 149.181,00 € | |
| | | |
| TOTAL GASTOS 2022 | 149.181,00 € | |
| | INGRESOS | GASTOS |
| ACTIVIDADES 2022 E AS SÚAS PARTIDAS ORZAMENTARIAS | 149.181,00 € | 149.181,00€ |

## SUBVENCIÓNS E INGRESOS CORRENTES

| | | |
|---|---|---|
| Ingresos Cota Federativa | 12.200,00 € | |
| SX para o Deporte 2022 | 15.021,00 € | |
| Conselleria Medio Ambiente | 25.000,00 € | |
| Ingresos Tarxetas | 70.000,00 € | |
| Cotas participación Campionatos | 18.800,00 € | |
| Deputación da Coruña | 6.000,00 € | |
| Equipamentos/uniformes campionatos nacionais | 2.160,00 € | |
| TOTAL INGRESOS | | 149.181,00€ |

## GASTOS

### CAMPIONATOS PROVINCIAIS

| | | |
|---|---|---|
| Mar - Costa (2) | 300,00 € | |
| Salmónidos Mosca (4) | 600,00 € | |
| Salmónidos Lance (4) | 600,00 € | |
| Spinning Mar - Costa (2) | 300,00 € | |
| Embarcación Fondeada (3) | 2.250,00 € | |
| GASTOS PARCIAL | | 4.050,00 € |

### CAMPIONATOS ATONÓMICOS; OFICIAIS E TIPO OPEN

| | | |
|---|---|---|
| Auga Doce | 300,00 € | |
| Spinning Mar Costa | 200,00 € | |
| Corcheo Mar | 300,00 € | |
| Mar- Costa Absoluto e Xuventude | 600,00 € | |
| Mar-Costa Dúos | 300,00 € | |
| Salmónidos Lance Veteranos | 200,00 € | |
| Salmónidos Mosca | 500,00 € | |
| Salmónidos Mosca Veteranos | 200,00 € | |
| Salmónidos Mosca Lago | 200,00 € | |
| Salmónidos Lance Lago | 200,00 € | |
| Salmónidos Lance | 500,00 € | |
| Mar Costa Veteranos | 200,00 € | |
| Salmónidos Lance Dúos | 200,00 € | |
| Salmónidos Mosca/Lance Xuventude | 600,00 € | |
| Embarcación Fondeada Clubs | 1.350,00 € | |
| Embarcación Fondeada Dúos | 1.650,00 € | |
| Embarcación Fondeada Absoluto e Xuventude | 2.245,00 € | |
| Liga de Clubs Mar - Costa | 300,00 € | |
| Salmónidos Mosca Dúos | 200,00 € | |
| Mar Costa dende Rocha | 300,00 € | |
| GASTOS PARCIAL | | 10.545,00 € |

## CAMPIONATOS SELECTIVOS

| | | |
|---|---|---|
| Auga Doce | 300,00 € | |
| Salmónidos Mosca | 500,00 € | |
| Salmónidos Lance | 500,00 € | |
| Spinning Mar Costa | 200,00 € | |
| Mar - Costa Absoluto e Autonómico Damas | 600,00 € | |
| Embarcación | 1.525,00 € | |
| GASTOS PARCIAL | | 3.625,00 € |

## ACTIVIDADES VARIAS

| | | |
|---|---|---|
| Outras Actividades Xuventude en auga salgada | 1.000,00 € | |
| Escolas de Pesca | 21.000,00 € | |
| Outras Actividades Xuventude en augas continentais | 1.000,00 € | |
| GASTOS PARCIAL | | 23.000,00 € |

## CAMPIONATOS ESPAÑA

| | | |
|---|---|---|
| Mar - Costa Damas | 2.010,00 € | |
| Mar - Costa Dúos (2) | 4.700,00 € | |
| Salmónidos Mosca Absoluto | 2.000,00 € | |
| Salmónidos Mosca Veteranos | 2.130,00 € | |
| Salmónidos Mosca Lago | 1.810,00 € | |
| Mar-Costa Corcheo | 1.830,00 € | |
| Embarcación Fondeada | 1.810,00 € | |
| Embarcación Fondeada Dúos | 2.070,00 € | |
| Spinning Mar - Costa (2) | 1.820,00 € | |
| Salmónidos Lance | 1.910,00 € | |
| Salmónidos Lance Dúos | 2.230,00 € | |
| Auga Doce | 2.000,00 € | |
| Mar - Costa Absoluto | 2.000,00 € | |
| Mar Costa Veteranos | 2.000,00 € | |
| Salmónidos Mosca Xuventude | 2.200,00 € | |
| Mar Costa Dende Rocha | 730,00 € | |
| Liga de Clubs Mar Costa | 2.375,00 € | |
| GASTOS PARCIAL | | 35.625,00 € |

## CAMPIONATOS ESPAÑA
## Bolsa de Viaxe delegados

| | |
|---|---|
| Salmónidos Lance | 800,00 € |
| Salmónidos Mosca Absoluto | 800,00 € |
| Salmónidos Mosca Xuventude | 600,00 € |
| Mar - Costa Corcheo | 800,00 € |
| Mar Costa Dúos | 1.700,00 € |
| Salmónidos Mosca Veteranos | 600,00 € |
| Salmónidos Mosca Lago | 600,00 € |
| Embarcación Fondeada Dúos | 850,00 € |
| Spinning Mar - Costa | 700,00 € |
| Salmónidos Lance Dúos | 700,00 € |
| Mar Costa Veteranos | 600,00 € |
| Mar Costa dende Rocha | 600,00 € |
| Liga de Clubs Mar Costa | 600,00 € |
| Auga Doce | 800,00 € |

| | | |
|---|---|---|
| Embarcación Fondeada | 800,00 € | |
| Mar - Costa Damas | 1.200,00 € | |
| Mar-Costa Absoluto | 1.200,00 € | |
| GASTOS PARCIAL | | 13.950,00 € |

**OUTROS GASTOS DEPORTIVOS**

| | | |
|---|---|---|
| Axudas Deportistas de Alta Competición | 2.000,00 € | |
| Axudas Deportistas en Campionatos do Mundo | 4.000,00 € | |
| Indumentaria Deportiva (polos, camisas, sudaderas) | 9.650,00 € | |
| Gala da pesca deportiva galega | 7.000,00 € | |
| Aluguer furgonetas | 1.340,00 € | |
| Xornadas técnicas | 1.500,00 € | |
| Trofeos e gravados Absoluto, damas, veteranos e xuventude | 3.900,00 € | |
| GASTOS PARCIAL | | 29.390,00 € |

**ADMINISTRACIÓN**

| | | |
|---|---|---|
| Comisións Bancarias | 330,00 € | |
| Xestoría | 1.900,00 € | |
| Seguros e Mútuas | 8.350,00 € | |
| Páxina Web | 900,00 € | |
| Facer tarxetas federativas | 510,00 € | |
| Teléfono | 1.510,00 € | |
| Canon española | 1.000,00 € | |
| Asembleas xerais | 1.000,00 € | |
| Taxas permisos campionatos de mar | 390,00 € | |
| Arbitraxe/Xuíces | 500,00 € | |
| Publicidade | 250,00 € | |
| Funxibles Mar Costa | 230,00 € | |
| Funxibles Salmónidos | 230,00 € | |
| Funxibles embarcación fondeada | 100,00 € | |
| Papelería/ fotocopias | 260,00 € | |
| Correos | 50,00 € | |
| Mensaxería | 50,00 € | |
| Asesoría xurídica e representación | 1.000,00 € | |
| Indemnización desprazamentos directivos | 6.000,00 € | |
| Reunións Xunta Directiva | 750,00 € | |
| Tinta impresoras | 170,00 € | |
| Habitacións asistencia directivos a campionatos | 200,00 € | |
| Reposición de equipos | 730,00 € | |
| Asistencia asemblea española | 300,00 € | |
| Auditoría de contas 2021 | 2.286,00 € | |
| GASTOS PARCIAL | | 28.996,00 € |

Federación Galega de Pesca

Anexo II

# Calendario Galego 2022

Federación Galega de Pesca

| | | | |
|---|---|---|---|
| **2** | **FEBREIRO** | | |
| O | Pesca dende Rocha | A Coruña | 12 |
| P | Mar Costa Coruña- Lugo | Area - Covas | 19 |
| P | Mar Costa Ourense- Ponteve | Montalbo/Major | 19 |
| **3** | **MARZO** | | |
| O | Salmónidos Mosca Lago Beira | Embalse da Fervenza (CO) | 5 |
| O | Salmónidos Lance Lago Beira | Embalse da Fervenza (CO) | 5 |
| O | Mar Costa Dúos | Fisterra - Laxe | 12 |
| P | Spining Mar Costa PO/OU | A Lanzada - O Grove | 27 |
| P | Spining Mar Costa CO/LU | Corme - Balarés | 27 |
| **4** | **ABRIL** | | |
| O | Mar Costa Veteranos | Covas - Area | 2 |
| P | Salmónidos Lance Coruña | Sta Comba - Xallas | 9 |
| P | Salmónidos Lance Lugo | Ronfe - Sarria | 10 |
| P | Salmónidos Lance OU/PO | Rivadavia - Avia | 10 |
| P | Salmónidos Mosca Ourense | Barbantiño | 16 |
| P | Salmónidos Mosca Pontevedra | Cerdedo - Lérez | 16 |
| P | Salmónidos Mosca Lugo | Friol - Narla | 17 |
| P | Salmonidos Mosca A Coruña | Aranga - Mandeo | 17 |
| O | Liga de Clubs Mar Costa | Fisterra - Laxe | 23 |
| XT | Selección Salmónidos Lance | O Carballiño sm - Arenteiro | 24 |
| **5** | **MAIO** | | |
| A | Salmónidos Lance | Monforte - Cabe | 7/8 |
| A | Salmónidos Mosca | Ponteliñares - Limia | 14/15 |
| P | Embarcación Fondeada (CO) | Fisterra | 21 |
| P | Embarcaión Fondeada (LU) | Ribadeo - Lugo | 21 |
| P | Embarcación Fondeada (PO) | Cambados | 21 |
| S | Salmónidos Lance | Verdes - Anllóns | 28/29 |
| **6** | **XUÑO** | | |
| S | Salmónidos Mosca | Ribeira de Piquín - Eo/Rodil | 4/5 |
| O | Emb. Fondeada Dúos | A Coruña | 11 |
| A | Salmónidos Mosca Xuventude | Bora - Lérez | 18 |
| A | Spinning Mar Costa | A Lanzada - O Grove | 19 |
| A | Auga Doce | Chandrexa de Queixa | 25/26 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **7** | **XULLO** | | |
| O | Salmónidos Mosca Dúos | Xallas/Beba - Xallas | 2 |
| A | Embarc. Fonde. Xuventude | A Coruña | 9 |
| XT | Selección Salmónidos Mosca | Montederramo - Mao | 16 |
| O | Corcheo Mar | Marin | 16/17 |
| A | Embarcación Fondeada | Fisterra | 30 |
| EP | Salmónidos | Ximonde - Ulla | 30 |
| **8** | **AGOSTO** | | |
| S | Embarcación Fondeada | Cambados | 6 |
| EP | Salmónidos | Couso - Ulla | 13 |
| S | Spinning Mar Costa | Corme - Balarés | 20 |
| S | Auga Doce | Castrelo de Miño | 27/28 |
| **9** | **SETEMBRO** | | |
| O | Salmónidos Lance Veteranos | Ponteliñares - Liñares | 3 |
| O | Salmónidos Lance Dúos | Ombre - Eume | 10 |
| O | Embarcación Fondeada Clubs | Ribadeo | 17 |
| O | Salmónidos Mosca Veteranos | Covas - Neira | 17 |
| A | Mar Costa | Laxe - Fisterra | 24 |
| A | Mar Costa Xuventude | Laxe - Fisterra | 24 |
| **10** | **OUTUBRO** | | |
| S | Mar Costa 1º Día | Area - Covas | 1 |
| A | Mar Costa Damas 1º Día | Area - Covas | 1 |
| S | Mar Costa 2º Día | Coroso - Aguieira | 22 |
| A | Mar Costa Damas 2º Día | Coroso - Aguieira | 22 |
| **11** | **NOVEMBRO** | | |
| G | Gala Pesca Deportiva Galega | | 19 |
| | | | |
| P | Provincial | | |
| A | Autonómico | | |
| S | Selectivo | | |
| O | Open | | |
| EP | Escola de Pesca | | |
| XT | Xornada Técnica | | |